

**CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ARTESÁNS
SUSCEPTÍBEIS DE SER EXPOSTOS NO C.A.T (CENTRO DE ARTESANÍA
TRADICIONAL) NO 3º TRIMESTRE DE 2013.**

A Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo no seu desexo de contribuír ao desenvolvemento da artesanía e co obxectivo de apoiar e promocionar o traballo do colectivo artesán, brinda un espazo no C.A.T. (Centro de Artesanía Tradicional) para expor os traballos seleccionados a través desta convocatoria.

Este proxecto, bautizado co nome de “O Escaparate”, ofrece un espazo expositivo nas instalacións do C.A.T., situado no Casco Vello de Vigo, de xeito que o traballo deste colectivo chegue a un maior número de público.

Para participar ábrese esta convocatoria na que serán seleccionados os traballos que reúnan as condicións necesarias para a súa exposición.

Os artesáns interesados, terán que enviar, **ata o 31 de maio**, un dossier onde se recolla a súa traxectoria e onde se mostre o traballo que realizan.

Unha vez seleccionados por un comité formado por técnicos, os traballos artesáns serán expostos durante o 3º trimestre do 2013 nos espazos habilitados no C.A.T. para este cometido.

Lugar: CAT Subida ao Castelo, nº 10, 36202 Vigo

Organiza: Museo Liste e CAT.

Participantes: artesáns que queiran dar a coñecer a súa produción.

Valorarase: a innovación tendo en conta a tradición, a materia prima, a creatividade e a funcionalidade das pezas.

A escolla do comité seleccionador farase pública na páxina web do Museo Liste:

www.museoliste.org

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- DNI
- Dossier informativo da súa produción cunha descrición breve das pezas e a intención que implican (ficha técnica das pezas).
- Documentación fotográfica ou en pdf da peza ou pezas presentadas.

ENTREGA DO DOSSIER

- Museo Liste, Rúa Pastora nº 22. 36210 Vigo , en horario de martes a sábado: de 11:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.
- No seguinte enderezo de correo electrónico:

recepcion@museoliste.org

INFORMACIÓN:

- Tfno.: 986244698
- recepcion@museoliste.org

**SOLICITUDE PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS PRODUCIDOS
POR ARTESÁNS SUSCEPTÍBEIS DE SER EXPOSTOS NO C.A.T.**

Nome do artesán ou colectivo	
DNI	
Teléfonos de contacto	
Correo-e	
Domicilio	
Municipio	CP
Tipo de traballo que presenta	

Vigo, a de de 2013

Fdo.: